



Cad Aten Primaria
Año 2006
Volumen 13
Pág. 248-252

Unha proposta de cartel de educación bucodental infantil

José Antonio Fernández Camiñas

Diplomado en Enfermería. Hospital Xeral Calde. Lugo

M.^a Amalia Fernández Camiñas

Diplomada en Maxisterio. Licenciada en Psicopedagogía

M.^a Natividad Fernández Camiñas

Diplomada en Maxisterio. Licenciada en Psicopedagogía. CEIP "Xan de Requeixo" Chantada. Lugo

M.^a Teresa García Areán

Hospital Materno Infantil "Teresa Herrera". A Coruña

RESUMO

OBXECTIVOS

- 1.- Facer unha proposta de cartel de Educación Sanitaria no ámbito da Prevención das Patoloxías Bucodentais Infanto xuvenís.
- 2.- Facer partícipes a un grupo de escolares na elaboración dun cartel de educación sanitaria no ámbito da prevención da aparición de carie e patoloxías bucodentais.
- 3.- Avaliar de forma gráfica os coñecementos adquiridos despois da realización de diversas charlas de Educación Bucodental.

DESEÑO

En primeiro lugar organizamos unhas charlas de Educación Sanitaria no ámbito da Saúde Bucodental para alumnos de primeiro e segundo da ESO do Instituto de Educación Secundaria "Carlos Casares" de Viana do Bolo, na Provincia de Ourense.

Posteriormente deseñamos un elemento que nos servise de mascota identificadora do que sería una saúde bucodental óptima, e de base para colocar os debuxos que se realizarían en fases posteriores. A cada viñeta asignóuselle un contido de tal xeito que todos os nenos debuxasen na mesma viñeta algo que tivera relación co seu contido, que con anterioridade fora exposto nas charlas da fase previa.

PARTICIPANTES

Alumnos de primeiro e segundo de ESO (12-13 anos)

RESULTADOS

Este traballo non pretende ser un método obxectivo, deixamos que o lector sexa o que faga, segundo o seu xuízo, análise dos resultados, tanto no ámbito de cada viñeta de forma individual como do cartel no seu conxunto.

Dirección para la correspondencia

José Antonio Fernández Camiñas

Plaza Conde Fontao, 4. 7º A. 27003 Lugo. Lugo

Enderezo electrónico: jose.antonio.fernandez.caminas@sergas.es

CONCLUSIONS

Neste apartado expoñemos a visión do cartel no seu conxunto, que consideramos que fala por si só.

Non queremos deixar de comentar o altamente positiva que foi esta experiencia, tanto para nós

PALABRAS CLAVE

Educación Bucodental, Infantil, Cartel.

INTRODUCCIÓN

A carie é unha destrución progresiva da estrutura do dente como resultado do ácido producido polas bacterias que aniñan na súa superficie e que forman a chamada placa bacteriana. Na súa aparición desempeña un papel moi importante a presenza de azucres e aínda máis a súa permanencia, que permite o crecemento das bacterias (*Lactobacillus*, *Streptococcus acidógeno*...) que actúan diminuíndo o seu pH coa consecuencia da desmineralización do esmalte e a segregación de diversos compoñentes que favorecen a formación da Placa Bacteriana.⁽⁷⁾

Non ten curación espontánea e, se non se trata, levará á destrución definitiva e á perda dos dentes. Segundo a O.M.S., é a terceira praga mundial, despois da enfermidade cardiovascular e o cancro, afectando fundamentalmente á poboación infantil dos países desenvolvidos, pero coa adopción de medidas preventivas é posible reducir a súa incidencia nun 40-60%.⁽⁹⁾

A prevalencia desta enfermidade é do 90,8% da poboación de 12 a 13 anos segundo estudo realizado polo Ministerio de Sanidade en colaboración coa O.M.S. no ano 1984⁽⁵⁾. Esta elevada porcentaxe xerou unha grande demanda asistencial curativa e rehabilitadora nestes países, o que tivo como resposta a proliferación de servizos de asistencia dental, tanto públicos coma privados, que comportaron un elevado custo para a poboación e para os sistemas de saúde destes países^(4,5).

Nos problemas de saúde bucodental están presentes factores endóxenos (características do esmalte, avitaminose, etc.) e outros exóxenos (consumo excesivo de azucres na dieta, bacterias bucais, etc.) sobre os que é moi fácil incidir cos nosos autocuidados, e é neste último punto no que a Enfermería entra a formar parte, con gran peso específico, na posta en marcha de Programas de Educación para a Saúde nos colexios en estreita colaboración cos mestres, que nos poden aportar una boa axuda á hora de pór en valor esta Educación Sanitaria nun ámbito tan concreto como o infanto-xuvenil.^(11,12)

A ausencia, ata a data, de programas preventivo-educativos na infancia e xuventude influíu en gran maneira na situación actual da pési-ma saúde oral que padecen os nosos maiores.^(1,6) Nos países desenvolvidos, tomaron conciencia disto e, coa progsiva implantación da Atención Primaria de Saúde, puxéronse en marcha multitude de actividades preventivas dirixidas a diminuír a incidencia de moitas enfermidades, fundamentalmente aquelas nas que os usos e hábitos de vida teñen influencia no seu desenvolvemento e control posterior, (HTA, EPOC, Carie, etc.). Con respecto a esta última, multitude de estudos avalan as iniciativas encamiñadas á prevención das patoloxías bucodentais, fundamentalmente na idade infantil e xuvenil, por ser este un momento idóneo, tanto pola súa capacidade de aprendizaxe como porque o ser humano nesta época da súa vida aínda non adquiriu hábitos nocivos para a súa saúde e a súa personalidade está aínda en fase de evolución^(2,5).

Tomando en consideración estes razoamentos, numerosas autoridades do mundo da sanidade alertaron da necesidade de poñer en marcha programas preventivos a grande escala,^(5,6) tal é o caso dos programas que ven levando a cabo a Consellería de Sanidade, en colaboración coa Consellería de Educación, coa posta en marcha do "Programa de Educación para a Saúde na Escola", e por medio da publicación dos "Cadernos de Saúde Bucodental" que ten como protagonista a Fluoriño,⁽¹³⁾ unha mascota que representa un tubo de pasta dental, que a través de diferentes unidades didácticas vailles ensinando aos nosos nenos os mecanismos de formación das caries; ademais de diversas formas de previlas. Este método constitúe unha das mellores medidas de educación sanitaria por tratarse dun método directo^(7,10) onde o alumno ademais de acceder á información pode poñela en práctica, xa que en todas as unidades, como complemento ás clases teóricas, realzanse talleres de fluoración con prácticas de colutorios e de técnicas de cepillado de dentes; metodoloxía que alcanzou xa grandes resultados, avaliados en diferentes estudos⁽²⁾.

Como xa dixemos, o método empregado en Galicia é directo, pero na actualidade non existe ningún indirecto que poida servir de reforzo ao anteriormente descrito⁽¹⁰⁾, polo que este traballo, como o seu título indica, ten como principal obxectivo presentar unha proposta de cartel de Educación Sanitaria no ámbito da Saúde Bucodental.

OBXECTIVOS

- 1.- Facer unha proposta de cartel de Educación Sanitaria no ámbito da Prevención das Patoloxías Bucodentais Infanto xuvenil.
- 2.- Facer partícipes a un grupo de escolares na elaboración dun cartel de educación sanitaria no ámbito da prevención da aparición de carie e patoloxías bucodentais.
- 3.- Avaliar de forma gráfica os coñecementos adquiridos despois da realización de diversas charlas de Educación Bucodental.

MATERIAL E MÉTODO

O traballo desenvolveuse en varias fases que de seguido desglosamos:

PRIMEIRA FASE


En Primeiro lugar organizamos unhas charlas de Educación Sanitaria que versaron sobre os temas que a continuación se enumeran:

- 1.- A formación da Carie.
- 2.- A importancia das lambetadas na formación da carie.
- 3.- O cepillado dos dentes. Como?, Cando?.
- 4.- O Flúor.
- 5.- A familia e a Saúde Bucodental.
- 6.- A importancia do recoñecemento dental e a visita ao dentista de forma periódica.

Estas Charlas foron impartidas a alumnos de primeiro e segundo da ESO. do Instituto de Educación Secundaria "Carlos Casares" de Viana do Bolo, na Provincia de Ourense, centro no que se desenvolveu a totalidade do noso traballo.

FIGURA 1

Mascota



SEGUNDA FASE:

Primería parte:


O primeiro foi deseñar un elemento que nos servise de mascota identificadora do que sería una saúde bucodental óptima, e ademais

de base para colocar os debuxos que se realizarían en fases posteriores; para o que se nos ocorreu a idea exposta no figura 1, que representa unha moa sorrinte que pretende dar unha imaxe de vitalidade por mor da súa saúde ou o que é o mesmo; a ausencia de caries.

Unha vez definida a mascota, necesitamos dividila en varias áreas, como se aprecia na figura 2, de tal xeito que os debuxos, unha vez realizados poidan encaixar perfectamente uns en outros coma se fose un rompecabezas.

FIGURA 2

Áreas na que se colocan as viñetas na mascota



Segunda parte:

A cada viñeta asignóuselle un contido; de tal xeito que todos os nenos debuxasen en mesma viñeta algo que tivera relación co seu contido, que con anterioridade fora exposto nas charlas da fase previa. As viñetas preséntanse na páxina web como material adicional. Quedando distribuídas do seguinte xeito:

- VIÑETA Nº1: Que produce a carie?
- VIÑETA Nº2: Como se sente o dente antes e depois dun bo cepillado?
- VIÑETA Nº3: Cando debemos cepillar os dentes?
- VIÑETA Nº4: A miña familia tamén se cepilla.
- VIÑETA Nº5: Por que me cepillo?
- VIÑETA Nº6: Cepíllome a lingua.
- VIÑETA Nº7: Ao dentista unha vez ó ano.
- VIÑETA Nº8: Cambiar o cepillo cada tres meses.
- VIÑETA Nº9: As lambetadas.
- VIÑETA Nº10: Se non me cuido a boca...!
- VIÑETA Nº11: Se me cuido a boca...!
- VIÑETA Nº12: O meu amigo o dentista.

Terceira parte:

Unha vez obtidos os debuxos de cada neno no referente a cada tema (material adicional en internet), só quedaba elixir os mellores,

traballo que sen dúbida foi o máis difícil, dado que o nivel de comprensión e asimilación dos contidos, tanto o nivel dos debuxos foron altamente satisfactorios. Por iso, aínda que, eliximos un de cada categoría, cómpre dicir que a maioría deles serían merecedores de estar neste cartel (figura 3) ou que cos restantes se poderían facer multitude de combinacións que darían lugar a outras tantas propostas que non desmerecerían en absoluto a este.

RESULTADOS

Dado que o presente traballo non pretende ser un método obxectivo de avaliación do nivel de coñecemento dos nenos respecto dos diversos elementos que entran a formar parte da prevención en materia de saúde bucodental, deixamos un pouco que o lector sexa o que faga, segundo o seu xuízo, análise dos resultados, tanto no ámbito de cada viñeta de forma individual como do cartel no seu conxunto; limitándonos á explicación dos debuxos elixidos para cada unha das viñetas, aínda que a súa explicación case sempre é o propio enunciado da mesma.

FIGURA 3

Cartel coas viñetas na mascota

(Imaxe en cor na web www.agamfec.com)



VIÑETA Nº 1:

Debuxada por: Andrés ORTIZ ALONSO (12 anos) de 1º de ESO.

Plásmase perfectamente que, se ben a causa da carie son as bacterias, estas van estar potenciadas polos alimentos, neste caso representados polo azucre que sobrevoa a obra que a bacteria fai sobre o dente que desde logo non se atopa moi a gusto coa situación. É de reseñar a forma que o neno debuxa a bacteria e o portador do azucre demonízaos, dando a entender que eles son a causa do malestar do dente.

VIÑETA Nº 2:

Debuxada por: Javier CARBALLO GLEZ. (13anos) de 1º de ESO.

O artista nesta ocasión non deixa lugar a dúbida: mentres o dente sucio aparece cunha expresión triste e desesperanzada, rodeado de exércitos que ameazan a súa saúde; o dente limpo, despois dun bo cepillado de tres minutos de duración, esta exultante de felicidade, o que, por suposto, é proba inequívoca da súa saúde.

VIÑETA Nº 3:

Debuxada por: Adán FDEZ. VILLASANTE (13anos) de 2º de ESO.

Nela preténdese deixar claro as horas do día nas que é máis importante a realización dunha correcta hixiene dental, é por isto que o neno se debuxa nas tres comidas principais, indicando que despois de cada unha delas é conveniente lavar os dentes.

VIÑETA Nº 4:

Debuxada por: Elena ÁLVAREZ GARCÍA (13 anos)de 2º de ESO.

Destaca a capacidade de abstracción que tivo a nena ao facela. Nela pódese ver claramente como asimila perfectamente a clave da mensaxe educativa en cuestión: A Saúde Bucodental debe ser algo asumido por toda a familia; para o que a nena se debuxa limpando os dentes con toda a familia e o que é máis sorprendente, é capaz de retratarse coa súa familia diante dun espello.

VIÑETA Nº 5:

Debuxada por: Laura RGUZ. de la FUENTE (13 anos) de 2º de ESO.

Nela exprésase o que para os nenos é o reflexo duna boa conducta a nivel de hábitos hixiénico-dentais: ter un amplo e perfecto sorriso.

VIÑETA Nº 6:

Debuxada por: Paulo GOMEZ FERNÁNDEZ (12 ANOS) 1º DE eso.

É outro dos debuxos que máis nos chamou a atención posto que o neno tamén, como a súa compañeira, autorretrátase para ser o protagonista da mensaxe: unha parte primordial da hixiene bucodental é unha correcta limpeza da lingua.

VIÑETA Nº 7:

Debuxada por: Jorge BLANCO RGUEZ. (12 anos) de 1º de ESO.

Aquí dunha maneira gráfica o neno fai ver, non só a importancia que ten a visita anual ao odontólogo, senón que explica que esta debe realizarse de maneira preventiva, isto dedúcese do sorriso que loce o neno, sorriso que non tería se a súa visita fose consecuencia dunha dor de moas.

VIÑETA Nº 8:

Debuxada por: David PEREZ RGUEZ. (12 anos) de 1º de ESO.

Podemos observar nesta ocasión como o autor indica que unha equipa de limpeza que está vella e/ou mal coidada non é o máis adecuado para poder realizar unha correcta hixiene dental.

VIÑETA Nº 9:

Debuxada por Iria CARRACEDO DIAZ (12 anos) de 1º de ESO.

A súa mensaxe é clara: O consumo de lambetadas, en exceso, debe ser evitado e en caso de ser consumidas débese proceder a un correcto cepillado.

VIÑETA Nº10:

Debuxada por: Adrián COTADO RGUEZ. (13 anos) de 2º de ESO.

Son as consecuencias dunha deficiente hixiene bucodental: A temida dor co conseguinte tratamento, que aínda que na actualidade a evolución dos mesmos fai que non sexan tan molestos como antes, non deixa de ser un motivo de desgusto tanto física como economicamente, e todo iso por non ter sido capaces de comprender as viñetas anteriores.


VIÑETA Nº 11:

Realizada por: Estefanía ANTA PARCERO (14 anos) de 2º de ESO.

A nosa amiga foi capaz de comprender todas as mensaxes que os seus amigos lle mandaron nas viñetas precedentes e así desta maneira pode sentirse feliz ensinando ese aberto sorriso: como se pode apreciar nesta ocasión, ao igual que na viñeta nº 5, os nenos fan fincapé na boa imaxe como unha das maiores ventaxas que se pode conseguir cunha dentadura correctamente aseada.

FIGURA

Esquema do traballo



VIÑETA Nº 12:

Debuxada por: Pablo MARTINEZ FDEZ. (13 anos) de 2º de ESO.

Nela o "artista" quere deixar ben claro que a súa visión é totalmente positiva con respecto á relación cos profesionais da odontoloxía, rompendo así, un dos principios tabús que podemos atopar no ámbito da saúde bucodental: Os dentistas son malos e fan dano.

DEBUXOS EXTERIORES E FRASES:

realizados por Andrés FERNÁNDEZ BACA de 1º de Primaria do Colexio Sagrado Corazón de Lugo.

Debuxa botes de flúor, Pasta dentífrica e cepillos de dentes, elementos indispensables para poder levar a cabo unha correcta hixiene bucodental.

DISCUSIÓN

Neste apartado expoñemos a visión do cartel no seu conxunto, que consideramos que fala por si só.

Non queremos deixar de comentar o altamente positiva que foi esta experiencia, tanto para nós como para os nenos.

Esperamos que o resultado final deste estudo poida servir como elemento de traballo ou como modelo para a realización dun cartel de Educación Sanitaria, co obxectivo de reforzar de maneira positiva, cunha visión infantil do tema, a Educación Sanitaria nos nosos colexios, e que axude a erradicar os estragos que esta enfermidade produce na nosa sociedade.

PUNTOS CLAVE:

Feitos coñecidos:

- A Educación sanitaria na infancia é fundamental para o futuro do neno.
- O desenrolo en Galicia de programas de Educación Bucodental infantil ten recollido grandes resultados.

- É imprescindible involucrar aos nenos na súa propia Educación.

Aportacións deste estudo:

- Elaborar un cartel de Educación Bucodental feito por nenos despois de recibir unha formación
- Evaluar un ciclo de Educación Sanitaria de forma gráfica.

Como o seu título indica. UNHA PROPOSTA DE CARTEL DE EDUCACIÓN BUCODENTAL INFANTIL

BIBLIOGRAFÍA

- 1.- Sampedro abascal et al. La diabetes como factor de riesgo en la edentación en la población geriátrica. Atención primaria vol. 18 nº 4 pag. 182.185.
- 2.- Barella Balboa, JL, et al. Estudio sobre al influencia a largo plaza de un programa de salud bucodental en la población escolar. Medicina de Familia (And) vol. 1 nº 1. Pag. 49-53.
- 3.- Salud bucodental. Web del Ministerio de Educación, cultura y Deporte. WWW.mecd.es
- 4.- E. Cuenca, Et al. Consejos para la prevención de las enfermedades bucodentales. Medicina Clínica. Vol 102 Suplemento 1994. Pag 132-136.
- 5.- López Santos, V. La escuela saludable: algunas reflexiones para la intervenciones. XIII congreso de Medicina Familiar y Comunitaria. Jaen 1993
- 6.- Salgado A. La mayoría de edad en Geriátria. Medicina. 1991; 86. Pag. 3313-3318.
- 7.- Emili Cuenca Sala, et al. Odontología preventiva y comunitaria. 2ª edición ED. masson. cap. 23-24
- 8.- Rafael Tojo Sierra. Medicina Escolar. Dirección General de Salud Pública. Conselleria de Sanidade. Xunta de Galicia.
- 9.- Juan Suárez Quintanilla. Odontología en Atención Primaria. Instituto Lácer de Salud Bucodental. Cap. 10.
- 10.- A.Martín Zurro. Atención Primaria. Métodos, organización y práctica clínica. Ed. Harcourt-Brace. Cap. 24, 25, 28.
- 11.- Álvarez González, J, et al. Higiene bucodental en escolares. Conocimientos y prevención Rev. Rol Enferm. 185: 19-21.
- 12.- Cintas, JM et al. Educación para la salud bucodental: evaluación de una intervención de enfermería. Enferm Clínica 4(1):10-14.
- 13.- Cadernos de Saúde Bucodental. Programa de Educación para a Saúde na Escola. Xunta de Galicia.